

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2024

Rosalía e Portugal.
Dous textos e dous eventos

Anxo Angueira

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

CASA DE ROSALÍA

Rosalía e Portugal.

Dous textos e dous eventos de 2024

Anxo Angueira



Imaxe do acto do 70 aniversario da inauguración da estatua de Rosalía no Porto o 14 de outubro de 2024.

No número 3 destas mesmas páxinas de *Follas novas* Andrés Pociña e Aurora López xa explicaron con detalle boa parte das relacións da nosa autora co país irmán no seu artigo “A recepción de Rosalía en Portugal”. Pois ben, durante o ano 2024 celebráronse dous eventos que puxeron de manifesto até que punto



está viva esta recepción e mesmo até que punto Rosalía é todo un emblema para as relacións de irmandade entre Galicia e Portugal.

O primeiro deles aconteceu o 6 de abril coa inauguración da Bienal de Coimbra baixo o título de “O fantasma da liberdade”. Os curadores, Marta Mestre e Ángel Calvo Ulloa, ela de Beja e el de Lalín, quixeron evocar un episodio histórico que marcou os últimos anos da ditadura fascista en Portugal no programa da Bienal e nos actos da inauguración. Tal suceso foi estudado con detalle por Antonio Iglesias Mira na súa tese de doutoramento: *Ricard Salvat en Portugal: Brecht, Castelao e a súa época e censura*. No curso universitario 1968-69 o director catalán Ricard Salvat quixera montar a peza *Castelao e a súa época* co CITAC (Círculo de Iniciação Teatral da Academia de Coimbra). Nel incluíanse textos de diversos autores (galegos, portugueses, cataláns...), pero non puido ser representado. A censura prohibe a representación da obra e a PIDE, a policía do Estado Novo, detén e expulsa o seu director de Portugal. Aínda que o proxecto non puidera ir avante, das crebas do naufraxio os estudantes rescataran unha peza da obra, un cantar con música de José Niza, que lograra especial sona e que converteron en bandeira das súas protestas naquel mesmo axitado curso. E chegou o momento de interpretalo no teatro das rúas da cidade. Ese cantar era o “Cantar de emigração”, como así se denominou o resultado da adaptación do poema de Rosalía “Este vaise e aquel vaise” incluído

en “Pra A Habana” de *Follas novas* (1880). Na versión adaptada di así:

Este parte, aquele parte
e todos, todos se vão.
Galiza ficas sem homens
que possam cortar teu pão.

Tens em troca órfãos e órfãs,
tens campos de solidão,
tens mães que não têm filhos
filhos que não têm pai.

Coração que tens e sofre
longas ausências mortais,
viúvas de vivos mortos
que ninguém consolará.

Naquel contexto de loita antifascista o “Cantar de emigração” desprazou o seu horizonte lírico (e épico) da realidade galega á realidade portuguesa. O partir e abandonar a terra xa non era o dos homes emigrantes, convertíase implicitamente no dos mozos enviados á guerra colonial de África. Así foi que en outubro de 1969 uns 50 estudantes son forzados a incorporarse á vida militar. Daquela xúntanse con eles media Coímbra estudantil na Praça da República e empuñando o límpido cantar baixan á estación do comboio a despedilos: “Este parte, aquele parte / e todos todos se vão. / Galiza ficas sem homens / que possam cortar teu pão”. O coro cruza a Cidade Universitaria, atravesa a Almedina e maila Baixa, e polas orelas do Mondego, chega até á estación a música de Niza e a letra de Rosalía nas gorxas mozas da liberdade en escena única, irrepetible. O *Castelao e a súa época* de Salvat fora prohibido, pero o seu “Cantar de emigração” conseguira

sobrevivir coma un símbolo de resistencia. Gravado logo por Adriano Correia de Oliveira, axuntara e movera e erguera os corazóns dunha xeración que axiña ía pór caraveis vermellos nos fusís dos militares e hoxe é un claro vestixio histórico do combate contra o Estado Novo.

Marta Mestre e Ángel Calvo Ulloa, os curadores da bienal “O fantasma da liberdade”, botaron man dun episodio tan acaído para o tema e convidaron a Fundación para asistirmos á emotiva inauguración do evento. Así foi que o 6 de abril de 2024, na estación do comboio de Coímbra, pé do Mondego, fomos testemuñas de como violas da tuna coimbrá e numerosa malta se puxeron a cantar: “Este parte, aquele parte”. Durante toda a Bienal pola megafonía da estación, a determinadas horas, soou o “Cangar de emigração” de Niza, cantado por Adriano Correia de Oliveira, esa peza que os bracarenses Canto d’Aqui interpretan cada volta que veñen a Galicia e á Casa de Rosalía coas súas entusiastas Convergências Galiza-Portugal. Velaí, pois, unha proba de como Galicia e Rosalía están presentes no imaxinario antifascista do Portugal contemporáneo.

O outro evento tivo lugar o 14 de outubro e, organizado pola Fundación, quixo conmemorar a inauguración da estatua de Rosalía na Praça da Galiza do Porto en 1954, un evento de destacado impacto, como proba o artigo de Olivia Novoa nestas mesmas páxinas.

Non foi accidental que o día memorable en que Galicia aprobaba o seu Estatuto de Autonomía, 28 de xuño de 1936, a Cámara Municipal do Porto decidise pórllle o nome de Galiza a unha praza en

nuela Espírito Santo pola Asociación de Jornalistas e Homens de Letras do Porto), o acto foi acollido polo Presidente da Cámara Municipal, Dr. Rui Moreira, que nos recibiu na Praza de Galiza, onde recitaron en homenaxe Chus Pato e Sofia Bodas de Carvalho, e logo nos conduciu ós xardíns do Palácio de Cristal, onde como símbolo de irmandade plantamos unha figueira da Casa de Rosalía. Xa na Capela de Carlos Alberto, ás intervencións institucionais púxolles o ramo Amancio Prada, que por certo incluíu no seu repertorio o emblemático “Este vaise e aquel vaise”, practicamente coetáneo da versión de Niza.

Coa celebración dos 70 anos da estatua de Rosalía no Porto celebramos en realidade os séculos de irmandade. Os que pasaron e os que virán. Porque se temos moitos lazos históricos, culturais ou lingüísticos que nos unen, Rosalía de Castro é un magnífico emblema para esa vella e estreita relación e a Casa de Rosalía, ó longo da súa historia, sempre estivo aberta ó país irmán. Por iso tamén levamos 10 anos, en colaboración co goberno galego e por iniciativa do bracarense Grupo Canto D’Aqui, participando nas Convergências Galiza-Portugal, por iso contamos tódolos anos con poetas portugueses nos encontros multilingües do “Rosalía en Camiño” que coordina Chus Pato: Tatiana Faia, José Rui ou Andreai C. Faria aquí estiveron, ou por iso acollemos na Casa de Rosalía o 1º Encontro de Mulleres Escritoras da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, unha conversa con María López Sánchez, experta en Rosalía, e a portuguesa Isabel Cristina Mateus, que nestas mesmas páxinas nos fala da relación da nosa escritora con Maria Ondina Braga.

Puxemos os ollos en Rosalía e no Porto cunha renovada e ambiciosa esperanza a partir dun feito histórico que debe ser para todos nós referente. En 1954 era a proba, por riba dos momentos difíciles que se vivían nos dous países, da unión que mantiñan arredor da escritora e do cariño común que se lle profesaba a Rosalía. Ningunha escritora ou escritor español gozou dese cariño nin no Porto ou no Norte nin en todo Portugal, como se demostra no citado artigo de Aurora López e Andrés Pociña. Rosalía está na Praza da Galiza do Porto, signo de que tamén está no corazón poético e estremecido de todo Portugal. A unha e outra beira do Miño sentímola como nosa, á nosa beira, porque fala dun mundo próximo, con penas e alegrías, soidades e esperanzas, que nos son familiares, porque sempre estivo á beira da patria humilde que todos levamos dentro. Temos moitos lazos históricos, culturais ou lingüísticos que nos unen. Pois ben, Rosalía de Castro é un fermoso emblema para esa vella e estreita relación. Porque se Rosalía está en Portugal, tamén Portugal está en Rosalía. Hai fíos das *Rimas* de Camões cos que Rosalía tece os seus *Cantares*. Pero sobre todo hai un poema de Rosalía a Camões moi elocuente neste sentido:

Dende as fartas orelas do Mondego
e dente a Fonte das lágrimas
que na hermosa Coimbra
as rosas de cen follas embalsaman,
do Miño atravesando as augas dondas
en misteriosas alas,
de Inés de Castro, a dona máis garrida
i a máis doce e máis triste namorada;
do gran Camoens que inmortal a fixo
contando as súas desgracias,

de cando en cando a acariñarnos veñen
e non sei que saudades e lembranzas.

Alá dou froito a pranta bendecida
con sin igual puxanza,
de aquí o xermen saleu, sábeo Lantaño
i a sua torre dos tempos afrentada.
Por eso, seica, ¡ouh, desdichados! sempre
levache en vós o xermen da disgracia,
ti, probe Doña Inés, mártir de amore,
e ti, Camoens, da envidia empesoñada.
Pesan dos xenios na eisistencia dura
tanto a fama i a groria canto as bágoas.

A que cantache en pelegrinos versos
morreu baixo o poder de mans tiranas;
ti acabache olvidado e na miseria
i hoxe es groria da altiva Lusitania.
¡Ouh poeta inmortal, en cuias venas
nobre sangue gallega fermentaba!
Esta lembranza doce,
envolta nunha bágoa,
che manda dende a terra onde os teus foron
un alma dos teus versos namorada.

Santiago, abril de 1880

É este o derradeiro poema en galego
que dela coñecemos e foi publicado pre-
cisamente no Porto en 1880, no *Portugal
a Camões do Jornal de Viagens* para
celebrar o tricentenario do cantor d' *Os
Lusiadas*. Está o texto entre moitos outros
de escritores portugueses e españois para
faceren homenaxe. O de Rosalía é único,
non só por estar en galego, tamén por
unha serie de desvíos. Non fala da xesta
literaria e da xesta histórica d' *Os Lusí-
adas*, como fai Pardo Bazán, pomos por
caso, póndose en Lisboa e á beira do Texo.
Rosalía vira pró norte, escolle o Mondego
e mailo Miño, opta por Coimbra, algo que

lle permitía a historia da galega Dona Inés
de Castro, aquela do camoniano canto
terceiro na Quinta das Lágrimas. Deste
xeito tamén desvía o protagonismo cara
unha muller na homenaxe: non hai en
Rosalía puntada sen fío. A presenza da
Castro, a raíña póstuma, reforza a óptica
do poema: as raíces galegas de Portugal.
Chora Rosalía o destino cruel e infeliz das
dúas insignes figuras, rompe coa épica e
tórñase lírica, esquece o imperio portu-
gués, irmán do español, e pásalle a peneira
galega á celebración do poeta, como ela
di, “groria da altiva Lusitania”. Mentres
Cesário Verde, nas mesmas páxinas, pon
a andar por Lisboa en poema eterno o
cardume negro de varinas, obreiros e
costureiras, “O sentimento dun occiden-
tal”, Rosalía escolle o norte e pasea polas
fartas orelas do Mondego. Desde alí cava
con Luís de Camões e Inés de Castro nas
fondas, nas vellas, nas poderosas raíces
que unen Galicia e Portugal.

Agora, no medio da praza que está en
obras por causa do metro portuense cuxa
parada aquí será “Galiza”, comprobamos
despois de 70 anos que a estatua de Bara-
ta Feyo envelleceu moi dignamente. Decía
Agustina Bessa Luis que “o monumento
faz estremecer o coração”. Será porque
Cecília Meireles lle chamaba a Rosalía
irmá e dicía dela: “é a casa, a janela, a ár-
vore, a fonte”. Pero mellor que fale e nolo
diga Eugénio de Andrade:

Terra
que prolonga a minha,
onde a pobreza traballa cada leira,
cada palabra.
Terra de Rosalía.

Publicamos este noveno número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello da Coruña



Concello da Coruña



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO